



## **MEMORIA DO PROXECTO SEA SONS FESTIVAL**

Este ano celebramos a terceira edición do Sea Son Festival introducindo unha nova idea. **Unha Feira de Profesionais do Sector Musical**, un espazo creado para coñecer as diferentes propostas musicais de Galicia. Un encontro aberto e claro entre profesionais do sector e **programadores dos diferentes concellos**. A idea xorde da necesidade de crear unha rede de apoio no terceiro sector, buscar solucións. Establecer unha verdadeira rede de contactos para dar saída a unha gran parte de propostas musicais, apoiar sen dúbida o talento local.

A Xornada tivo lugar no auditorio da Domus na cidade de Coruña durante os días 4 e 5 de outubro. Participaron diferentes proxectos e asociacións que deron apoio á feira, relatorios como a de **Clubtura e Agem** que entre outros temas falaron da **Nova lei de espectáculos**, das **consideracións fiscais ás que se enfronta actualmente un artista**, un debate aberto onde participaron diferentes persoas que asistiron á feira. Doutra banda, expuxéronse proxectos novos, todos eles das xornadas de formación da Fundación Paideia. Xente nova que aposta por novos espazos e estratexias que van máis aló dun festival.


Un dos proxectos presentados foi o de Turismo Musical presentado por Carlos Regueiro cunha reportaxe moi ben explicada no periodico ideal galego. <https://www.elidealgallego.com/articulo/coruna/reportaje-cliente-elige-festival-ellos-ponen-resto/20181002230011385964.html>

## Reportaje | El cliente elige el festival y ellos ponen el resto

Son Stellae es una empresa con prefijo 981 y de reciente creación. Salió del coworking de la Fundación Paideia donde se reclutaron ideas para darle una vuelta a la gestión musical. E

M.G.M. A CORUÑA

03 DE OCTUBRE DE 2018 (00:30 H.)



Outro dos proxectos que tivo moi boa acollida foi o de Aarón Blanco con "Son Coruña" un espazo para celebrar a música e potenciar o talento local, sen dúbida proxectos que axudan e apoian o sector musical en Galicia.

<https://soncoruna.com/?fbclid=IwAR2N8W43U6Eg6LKQ4-Y6AQA4JOqq1iydU-5uIVKWUxvi-OqTcYrYH43BC0c>



Tamén se presentaron cooperativas como **Urdime** con novas propostas musicais que levan percorrendo toda a comarca e o territorio galego.

<https://urdime.gal/>



Aínda que fixemos un gran esforzo por reunir a profesionais do sector con programadores dos diferentes Concellos, tivemos pouca presenza por parte de programadores, polo que pensamos traballar moito máis a feira , cremos que é sumamente necesario establecer unha feira en Coruña, polo que nos moveremos nesta area con moita máis planificación.

Deixamos algúns datos de todos os participantes da feira, aínda que sabemos que é necesario traballala moito máis e contar coa presenza do concello e deputación de Coruña

Data: 4 e 5 de outubro

Lugar: Auditorio da Domus, A Coruña

Xoves 4 de Outubro

Presentadora: Mary Vivas

10:00 // Entrega de acreditacións e material de traballo

11:00 // Benvinda de autoridades

11:45 // Presentación "Equidade Fest" con Maritxu Alonso

12:00 // Presentación "Produtriz, agencia de Comunicación" con Bea Camiña +

Showcase "Maldito Murphy"

12: 30 // Presentación proxecto artístico "Sheila Patricia"

13:00 // Charla "Nova lei de espectáculos e proxectos" con "Agem" e "Clubtura"

13:45 // Showcase "Wondermind Band" 14:00 // Aperitivo



\* Espazo de networking e relaxamento \*

17:00 // Presentación "Culturgal" con Xosé Manuel Aldea

17:45 // Presentación "El Club de Ray Charles" Diego Piñeiro

18:00 // Presentación "El Ártico Management" + Showcase

18:30 // Despedida

### **Venres 5 de outubro**

Presentadora: Maritxu Alonso

11:00 // Mesa Redonda "Mulleres Profesionais na Música: a Coordinación entre as diferentes Áreas da Industria"

Facilitadora: Mariola Mourelo

Participantes:

- Sara Roca como representante de la Comunicación
- Nuria Foz como representante del Audiovisual
- Elena Canido como representante de la Investigación Académica
- Olalla Dopico como representante de la Producción
- Cristina Toba como representante de la Gerencia de Salas
- Paula Seoane como representante de la Fotografía Musical
- Mamen Bazarra como representante de la Escena Artística
- Tamara Blanco como representante del Management





12:00 // Presentación "Urdime" con Ángela Vila

12:15 // Presentación "SonStellae" con Carlos Regueiro

12:30 // Presentación "Son Coruña" con Aarón Blanco

12:45 // Presentación "MGK (Colectivo de Mulleres Galegas Kañeras)" con Nuria Foz

13:00 // Charla "Seguridade de Eventos" con "Eventit", empresa galega especializada na inspección técnica de eventos

13:45// Showcase Bea a de Estrella

14:00 // Aperitivo, entrega de certificados de asistencia e despedida da feira

\* Espazo de networking e relaxamento \*



- **CONCERTOS EN SALA E ESPAZOS PÚBLICOS**

Os concertos en sala tiveron unha boa acollida, **o día 4 de outubro** na sala BABA BAR dobre cartel a cargo do cantante e guitarrista Robert Pier, que ademais da súa carreira en solitario está metido en centos de proxectos relacionados con ritmos latinos, o jazz, a rumba... ademais de iniciativas de marcado carácter social no que a música é unha ferramenta máis de terapia e inclusión. Tamén esta noite estaba o trio Birds & Cables, unha banda que está a dar moito que falar, e que engancha por onde pasa. Presentarán o seu EP “Miles” do que xa adiantaron ese hit “ Older with you”.



**O venres 5 na Sala Garufa Club (unha das mellores salas de Galicia) actuó Alondra Bentley.** Polifacética artista que chega presentando o seu novo “Solar System”, un quinto disco no que di que hai máis baile, máis psicodelia, máis electrónica, rompendo un pouco con esa imaxe de cantautora folk-pop.

O seu single “ Mixtapes” dá boa conta diso. Unha lembranza a eses 80’ e mesmo a xente como Lisa Stansfield. Unha máis que interesante aposta no cartel deste SEA SONS.





**O sábado 6 de outubro** Sea Sons Festival fai un cambio de plans importante debido ás choivas que estaban previstas para este día, polo que tivemos que usar unha localización cuberta como foi a **Sala Moon** aquí levamos a cabo 5 concertos e un espazo de baile con Leonora Gomes con Samba , unha tarde rodeada de mar , seguindo coa filosofía do festival

Aquí Tiveron lugar as actuacións de **Sonda Rúa** co seu rap combativo en galego, a reivindicación a base da fusión de hip hop, a unión reivindicativa de ritmos latinos e cumbia a cargo das artistas **Bolboreta e Mambe Sound System**, o funk-rock de **Apart e Garrafunk**, a Samba Leo Gomes, o rock afro peruano **de Cimarrones**, a fiereza de **Screams On Sunday** e o Dj canario **Arrocín**






Unha mestura de sensacións que nos invade e convida a gozar da mellor forma da música, compartindo a diversidade musical, gozando da cidade e o que nos ofrece. Con todo o festival non termina o día 6, pola contra deixa un día máis para gozar nun ambiente máis íntimo de proxectos como **MIP (Músicas Inclusivas Participativas)** Onde Robert Pier xunto aos usuarios de **ADCCOR, GRUMICO, CAPD, ONCE, e ADACECO** Comparten un repertorio de 9 cancións curtas, compostas por Robert, coa sorte de facelo nun sitio privilexiado como é a **Casa dos Peixes**, tamén participaron nesta tarde o singular poeta-cantante-performance **Luís Kaf**, e as versións a ritmo de swing asolagado das voces femininas de **Swing Sentido**.



O Sea Sons despide o 2018 con novas liñas de actuación, cremos na necesidade de apostar por unha feira do sector musical en Galicia. Que este vídeo Resumen poida describir todo o traballo realizado durante meses e que queremos seguir facendo por dar un espazo á música e servir de rede para profesionais do sector.

<https://www.youtube.com/watch?v=nyLTVicVrwI>



# DOSSIER DE PRENSA 2018

<https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2018/10/06/musica-aire-libre-sea-sons/1335175.html>

Noticias de A Coruña

## Música al aire libre con Sea Sons Festival

06.10.2018 | 02:13

Desde las 13.00 horas. El Sea Sons Festival celebra una nueva jornada con las actuaciones de grupos como Cimarrones, SondaRúa, Apart y Screams on Sunday.

<https://www.elidealgallego.com/articulo/coruna/reportaje-cliente-elige-festival-ellos-ponen-resto/20181002230011385964.html>

### Reportaje | El cliente elige el festival y ellos ponen el resto

Son Stellae es una empresa con prefijo 981 y de reciente creación. Salió del coworking de la Fundación Paideia donde se reclutaron ideas para darle una vuelta a la gestión musical. E

M.G.M. A CORUÑA

03 DE OCTUBRE DE 2018 (00:30 H.)





Radio

[http://cadenaser.com/emisora/2018/10/06/radio\\_coruna/1538823534\\_622995.html](http://cadenaser.com/emisora/2018/10/06/radio_coruna/1538823534_622995.html)

## A Coruña celebra la tercera edición del Sea Sons Festival






Redes Sociales , Blogs e web.

<https://www.instagram.com/sea.sons.festival/>

[https://www.facebook.com/SeaSonsCoruna/?ref=page\\_internal](https://www.facebook.com/SeaSonsCoruna/?ref=page_internal)



<http://www.solofolar.com/sea-sons-2018-apuesta-por-el-mestizaje/>





# GRAZAS



<https://www.seasonsfestival.es/>

